

PROPOSTA DE REGULAMENTO PARA A ASEMBLEA DE FÍSICA

REGULAMENTO DE RÉXIMEN INTERNO DA FACULTADE DE FÍSICA

Artigo 1:

A Facultade de Física, para o cumprimento das funcións que lle confire a L.O.U. e os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, rexerá por o presente Regulamento.

Artigo 2:

A Facultade de Física é, aos efectos organizativos, administrativos e xestor, o centro de ensino conxunto das áreas de coñecemento dispensadas por os diferentes departamentos conducentes á obtención dos títulos universitarios que lle competen.

Artigo 3:

A súa xestión estará ordenada por o principio de prevalencia dos órganos colexiados sobre os unipersoais, do respecto ás minorías e da participación libre e igual de todos os seus membros, na forma disposta no presente regulamento.

Artigo 4:

A Facultade de Física promoverá o uso da lingua galega nos termos que establece o artigo 3 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, así como cursiños e todos aqueles actos que tendan á promoción da lingua propia de Galiza.

Artigo 5:

A Facultade de Física velará por o respecto de todos os dereitos individuais e colectivos de todos os seus membros, recoñecidos por a lexislación vixente. En particular, a Facultade facilitará a celebración das asembleas dos distintos sectores nos locais da mesma, sen outros límites que os derivados do disposto na lexislación vixente, das posibilidades materiais da Facultade e do normal desenvolvemento das actividades propias do centro.

Artigo 6:

Sendo a educación un servizo que dispensa a Universidade de Santiago de Compostela, a Facultade de Física facilitará a igualdade de oportunidades, permitindo o acceso a mesma a todas as persoas que desexen realizar calquer tipo de estudos que ela dispense. Será condición única e indispensable para matricularse na Facultade de Física estar en posesión dos requisitos necesarios para o acceso á Universidade.

TÍTULO PRIMEIRO: ‘DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA FACULTADE’

Capítulo I: Dos órganos da Facultade de Física

Artigo 7:

ESTE DOCUMENTO NON É OFICIAL

PROPOSTA DE REGULAMENTO PARA A ASEMBLEA DE FÍSICA

Son órganos de goberno da Facultade de Física:

1. A Xunta de Facultade.
2. A Equipa Decanal, integrada por:
 - 2.1 O Decano
 - 2.2 O Vicedecano ou Vicedecanos.
 - 2.3 O Secretario.
3. A Mesa da Xunta de Facultade

Capítulo II: Dos órganos de goberno colexiados da Facultade

Artigo 8:

A Xunta de Facultade é o órgano máximo de participación, deliberación e decisión do conxunto dos sectores integrantes do centro.

A súa composición é a que determinen os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (art. 98).

Artigo 9:

A Xunta de Facultade desenvolverá as súas funcións en pleno ou en comisión.

Artigo 10:

O Pleno da Xunta de Facultade está formado por todos os seus membros. A súa composición é a que determinen os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela. O seus debates estarán dirixidos por unha Mesa, integrada por o Decano, que a presidirá, o Secretario, que o será da mesma, e un representante elixido por o persoal docente (profesores e axudantes), outro por o persoal de administración e servizos e outro por os estudantes, entre os membros dos correspondentes sectores.

Artigo 11:

Son competencias do Pleno da Xunta de Facultade:

- a) Elixir o Decano e no seu caso, revocalo.
- b) Aprobar as liñas xerais da política académica do centro.
- c) Coordinar e supervisar a actividade docente dos distintos departamentos no que se refire á Facultade.

En particular, aprobar o Plan de Organización Docente e o contido das materias dos programas de estudos elaborados por os departamentos para cada curso académico.

- d) Supervisar a xestión dos distintos Organos de Goberno e de Administración do Centro
- e) Elaborar e aprobar, conxuntamente coas correspondentes Xuntas de Sección dos Colexios Universitarios os proxectos dos programas de estudos.
- f) Aprobar o proxecto de despensas do presuposto da Facultade.

PROPOSTA DE REGULAMENTO PARA A ASEMBLEA DE FÍSICA

- g) Pronunciarse sobre todos os asuntos de competencia da equipa decanal que este, ou un quinto do Pleno da Xunta de Facultade, ou a maioría dos membros dun sector, ou dunha comisión, sometan á súa consideración.
- h) Convocar as eleccións a Decano e elabora o seu Regulamento
- i) Convocar as eleccións ás que se refire o artigo 98 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, elaborando o seu regulamento, e as eleccións parciais en caso de producirse a baixa dalgún membro dos sectores elixidos.
- j) Pronunciarse sobre calquer tipo de asunto propio ou alleo á Universidade de Santiago de Compostela en representación do colectivo da Facultade.
- k) Aquelas outras competencias que lle atribúa a legislación vixente.

Artigo 12:

O Pleno da Xunta de Facultade reunirase con carácter ordinario e extraordinario. Con carácter ordinario alomenos unha vez ao cuatrimestre e con carácter extraordinario previa iniciativa do Decano, por acordo da Mesa, ou por iniciativa da maioría absoluta dun sector, dunha Comisión, ou do 20% dos membros da Xunta de Facultade mediante escrito dirixido o Decanato.

Producida a debandita solicitude, a Xunta de Facultade deberá convocarse no prazo máis breve posibel e sempre dentro dos dez días lectivos seguintes ao pedimento.

Artigo 12b:

A convocatoria comunicarase a cada membro via correo electrónico e via correo interno e farase publica no taboleiro do decanato. Nos periodos non lectivos a convocatoria farase por correo certificado con acuse de recibo o domicilio dos membros.

A convocatoria dunha Xunta de Facultade ordinaria farase un mínimo de 7 días hábiles antes da data de celebración.

A convocatoria dunha Xunta de Facultade extraordinaria farase un mínimo de 3 días hábiles antes da data de celebración.

A convocatoria debe incluír necesariamente a data, hora e lugar da reunión, orde do día e calquer documentación ou informe que se vaia a debater.

Artigo 12c:

A orde do día será redactada por a Mesa da Xunta de Facultade incluíndo os puntos propostos por o decanato, por acordo da Mesa ou por petición escrita do 25% dun sector ou do 10% dos membros da Xunta de Facultade.

Artigo 13:

ESTE DOCUMENTO NON É OFICIAL

PROPOSTA DE REGULAMENTO PARA A ASEMBLEA DE FÍSICA

O Pleno entenderase constituído en primeira convocatoria cando concurran a maioría absoluta dos seus membros, en segunda convocatoria media hora despois sempre que o número de membros presentes non sexa inferior a un tercio do total. En ningún caso poderánse admitir votos de membros non presentes no momento da votación.

Artigo 13b:

Calquer membro da Facultade ten dereito a asistir con voz pero sen voto as reunións das comisións e o pleno da Xunta de Facultade.

Artigo 14:

1.-Os acordos adoptaranse por o maior número de votos a favor dunha determinada proposta, salvo o disposto expresamente neste Regulamento para determinados asuntos. Non poderán adoptarse acordos validamente se no momento da votación non houbera quórum.

2.-As votacións poden ser por asentimento coa proposta do Decano e da Mesa, públicas a man alzada, e secretas cando o soliciten alomenos o 20% dos membros da Xunta de Facultade. Serán secretas, en todo caso, cando afecten a persoas concretas.

Artigo 15:

No presente Regulamento establécese as seguintes Comisións:

- a) Comisión Permanente
- b) Comisión de Biblioteca
- c) Comisión de Docencia
- d) Comisión de Administración, Servizos e Asuntos Económicos
- e) Comisión de Actividades Culturais
- f) Comisión de Normalización Lingüística.

Artigo 15b:

Os membros das comisións elixiranse por un sistema de listas abertas por sector votando cada elector o 70% da lista coa excepción dos membros de pertenza obrigada por este regulamento ou normas de xerarquia superior. Podera ser membro das comisións calquer membro da Facultade aínda que non pertenza a Xunta de Facultade.

Artigo 15c:

As Comisións reuniránse previa iniciativa do Decano, da maioría absoluta dos representantes dun sector ou dun 15% dos seus membros.

Artigo 15d:

ESTE DOCUMENTO NON É OFICIAL

PROPOSTA DE REGULAMENTO PARA A ASEMBLEA DE FÍSICA

A convocatoria comunicárase a cada membro via mail e via correo interno e farase pública no taboleiro do decanato. Nos períodos non lectivos a convocatoria farase por correo certificado con acuse de recibo o domicilio dos membros.

A convocatoria dunha comisión farase un mínimo de 3 días hábiles antes da data de celebración.

A convocatoria debe incluír necesariamente a data, hora e lugar da reunión, orde do día e calquer documentación ou informe que se vaia a debatir.

Artigo 15e:

O secretario redactará a orde do día incluíndo calquer punto solicitado por un 25% dos representantes dun sector ou o 10% dos membros da comisión.

Da Comisión Permanente.

Artigo 16:

A Comisión Permanente estará composta por o Decano, que a presidirá e convocará, o Vicedecano ou Vicedecanos, o Secretario, que o será tamén da mesma; e unha cuarta parte de cada un dos sectores que integran a Xunta de Facultade cun mínimo dun membro por sector en todo caso. No sector de Profesores incluíranse necesariamente os directores de departamentos adscritos á Facultade de Física, que sexan membros da Xunta de Facultade.

Artigo 17:

Son funcións da Comisión Permanente:

- a) Coordinar as actividades da Facultade.
- b) Asesorar a equipa Decanal.
- c) Nomeamento de tribunais.
- d) Aquelas outras funcións, administrativas de trámite, que non estean expresamente atribuídas a outras comisións ou órganos de Goberno da Facultade de Física.

Artigo 18:

A Comisión Permanente considérase constituída cando concurren as mesmas circunstancias que se indican no Artigo 13 do presente Regulamento. Todos os acordos tomados por a Comisión Permanente deberán ser apoidados por os dous tercios dos presentes, e, en todo caso, cando un tercio dos presentes así o decida levarase ó Pleno da Xunta de Facultade.

Da Comisión de Biblioteca.

Artigo 19:

ESTE DOCUMENTO NON É OFICIAL

PROPOSTA DE REGULAMENTO PARA A ASEMBLEA DE FÍSICA

A Comisión de Biblioteca terá a composición e as funcións que veñen determinadas por o Regulamento da Biblioteca Universitaria e os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 19b:

Será deber da Comisión de Biblioteca a presentación anual dun informe de actividades e avaliación de rendemento perante o pleno da Xunta de Facultade o comezo de cada ano lectivo.

Da Comisión de Docencia.

Artigo 21:

A Comisión de Docencia estará formada por doce membros: O Decano, que a convoca e a preside, o Secretario, que o será da mesma, e actuará con voz pero sen voto, cinco membros do persoal docente (profesores e axudantes) e cinco estudantes, elixidos por os membros dos respectivos sectores na Xunta de Facultade. Os seus membros non terán que ser necesariamente membros da Xunta de Facultade.

Artigo 22:

A Comisión de Docencia terá as seguintes competencias:

- a) Supervisar a metodoloxía didáctica e o rendemento dos ensinantes, coa análise previa da memoria elaborada por cada Departamento.
- b) Coñecer e informar sobre calquer conflito que puidera xurdir no desenvolvemento da docencia.
- c) Coñecer e informar sobre as reclamacións presentadas ás calificacións, de acordo co previsto no presente Regulamento.
- d) Resolver os asuntos ós que se refire o artigo 124 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela sobre a condición de dispensa.
- e) Coñecer e resolver solicitudes de renuncia de convocatorias.
- f) Fixar o calendario de exames, a extraordinarios, contando coa opinión dos distintos sectores.
- g) Elaboración da proposta de Plano de Organización Docente de cada curso académico, debendo presentar unha proposta perante o pleno da Xunta de Facultade ao principio do segundo cuatrimestre. Dita proposta consultarase previamente cos responsables de prácticas e xefes de departamento así como exposta publicamente durante unha semana para a recollida de opinións de todos os membros da facultade.
- h) Actuar como comisión de convalidación ós efectos previstos no artigo 129 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.
- i) Organizar e promover cursos, conferencias, actos e todo tipo de actividades culturais que ponderan reforzar a formación integral dos membros da Facultade de Física.
- j) Calquer outra función relacionada coa docencia que sexa competencia da Xunta de Facultade e que esta delegue nela.

ESTE DOCUMENTO NON É OFICIAL

PROPOSTA DE REGULAMENTO PARA A ASEMBLEA DE FÍSICA

Artigo 23:

A Comisión de Docencia entenderase constituída coa presenza da maioría dos seus membros.

Artigo 24:

Ante situacións anómalas ou conflictivas dun ou varios cursos, esgotada a vía de diálogo co departamento, e previo pedimento dun ou varios profesores ou estudantes, a Comisión de Docencia informarase da situación, atendendo a todas as partes implicadas, e propondrá á Xunta de Facultade, se o considera necesario, medidas adecuadas para resolvela.

Artigo 25:

Todo alumno terá dereito a ver o seu exame corrixido.

Artigo 26:

Cando o estudante considere que a cualificación obtida supón un tratamento arbitrario ou discriminatorio poderá solicitar a revisión desa cualificación.

Artigo 27:

O procedemento para a revisión prevista no artigo 27 do presente Regulamento concretarase mediante pedimento razoado presentando por escrito ao Decano, nun prazo máximo de 20 días hábiles dende que se fagan públicas as cualificacións. O Decano, de inmediato, dará traslado do pedimento á Comisión de Docencia e ao departamento responsable da docencia na materia afectada, solicitando deste un informe razoado sobre o devandito pedimento e que deberá ser remitido por o departamento nun prazo máximo de cinco días hábiles. A Comisión de Docencia á vista do informe do departamento e do pedimento formulado remitirá un informe ao Decano propondo a desestimación do pedimento ou a súa aceptación. Neste último suposto, se houber discrepancias entre o informe do departamento e o da Comisión, esta propondrá ao Decano a designación dun tribunal para resolver o conflito. O dito tribunal, constituído por tres profesores, cualificará de novo o dito exame e de consideralo oportuno fará un exercicio complementario. O procedemento de designación do devandito tribunal será ó chou: dous dos membros do devandito departamento e, sempre que sexa posible, profesores da Facultade de Física. En ningún caso formará parte do tribunal o profesor ou profesores afectados.

A presentación da solicitude de revisión suspenderá a transcripción ás actas da cualificación impugnada ou a súa validez ata a súa confirmación ou modificación.

Artigo 28:

No caso de que algún membro da Comisión estea implicado en calquer destes procesos procederase a súa substitución seguindo o mesmo procedemento que este Regulamento dicta para a elección de membros da Comisión de Docencia.

ESTE DOCUMENTO NON É OFICIAL

PROPOSTA DE REGULAMENTO PARA A ASEMBLEA DE FÍSICA

Da comisión de Administración, Servizos e Asuntos Económicos.

Artigo 29:

A Comisión de Administración, Servizos e Asuntos Económicos terá composición paritaria entre profesores, estudantes e P.A.S., sendo o seu número de seis, e estará presidida por o Decano ou Vicedecano, ou persoa en quen delegue. Cada sector elixirá os seus representantes. Para formar parte desta comisión non será preciso pertencer a Xunta de Facultade.

Artigo 30:

Son competencias da Comisión de Administración, Servizos e Asuntos Económicos:

- a) Elaborar a proposta de despensas da Facultade e controlar o gasto e cumprimento do presuposto.
- b) Controlar a xestión dos Servizos Xerais da Facultade de Física.
- c) Estudiar as necesidades materiais da Facultade para xestionar eficazmente os seus servizos e recursos.
- d) Será competente para resolver os problemas que ponderan xurdir entre os diferentes sectores nas súas relacións de traballo.
- e) Velar por a non discriminación entre o P.A.S. destinado na Facultade (biblioteca, departamentos, fotocopiadora, secretaría, portería, etc..) e porque se respete a lexislación vixente en materia de seguridade e hixiene no traballo, convenio laboral, lexislación dos funcionarios, etc.
- f) Controlar a legalidade dos servizos que teña arrendados a Universidade de Santiago de Compostela e estean instalados na Facultade (cafeteria: control precios-calidade, lista de precios, etc.)
- g) Habilitar os locais necesarios para que o P.A.S. e os estudantes poidan desenvolver as súas funcións dentro dos órganos de goberno da Facultade.
- h) Instar ás autoridades competentes para a creación de servizos que atendan todas as necesidades da comunidade universitaria (comedores, residencias, etc.).
- i) Vixiar o bo funcionamento das aulas de informática.
- j) Presentar un informe anual das súas actividades a principio de ano lectivo perante o pleno da Xunta de Facultade. Neste informe se enunciaron os problemas atopados e se proponen medidas para solucionarlos.

Da comisión Cultural.

Artigo 31:

A Comisión Cultural terá composición paritaria entre profesores, estudantes e P.A.S., sendo o seu número de seis, e estará presidida por o Decano ou Vicedecano, ou

ESTE DOCUMENTO NON É OFICIAL

PROPOSTA DE REGULAMENTO PARA A ASEMBLEA DE FÍSICA

persoa en quen delegue. Cada sector elixirá os seus representantes. Para formar parte desta comisión non será preciso pertencer a Xunta de Facultade.

Artigo 32:

Serán competencia da comisión:

- a) Xestionar a partida orzamental que lle corresponda distribuíndoa entre os proxectos presentados.
- b) Promocionar a vida cultural no entorno da facultade e na súa relación coa sociedade na que está inmersa.
- c) Promocionar e apoiar as actividades e proxectos culturais que se realicen no ámbito da facultade.
- d) Presentar un informe anual perante o pleno da Xunta de Facultade o principio de cada ano lectivo onde se informe das actividades realizadas o longo do ano anterior.

Da Comisión de Normalización Lingüística.

Artigo 33:

A comisión de normalización lingüística terá composición paritaria entre profesores, estudantes e P.A.S., sendo o seu número de seis, e estará presidida por o Decano ou Vicedecano, ou persoa en quen delegue. Cada sector elixirá os seus representantes. Para formar parte desta comisión non será preciso pertencer a Xunta de Facultade.

Artigo 34:

Serán competencia da comisión de normalización lingüística:

- a) Avaliar a situación do galego na facultade e emitir un informe anual perante o pleno da xunta de facultade.
- b) Redactar e actualizar un diccionario técnico galego referido a Física para permitir o normal desenrolo da actividade científica e docente na lingua da universidade.
- c) Investigar as queixas que reciba sobre os dereitos dos galegofalantes no eido da facultade e presentar na Xunta de facultade as medidas para garantir os dereitos lingüísticos dos galegofalantes recollidos no estatuto de Galiza, nos estatutos da USC, no estatuto do estudante e neste regulamento.
- d) Xestionar o orzamento que lle asigne a Xunta de Facultade.

Capítulo III: Da equipa Decanal

Artigo 35:

ESTE DOCUMENTO NON É OFICIAL

PROPOSTA DE REGULAMENTO PARA A ASEMBLEA DE FÍSICA

A equipa Decanal correspóndelle a xestión cotián da Facultade e responde da mesma diante do Pleno da Xunta de Facultade. Presentará no primeiro cuatrimestre de cada ano natural unha memoria da súa xestión á Xunta de Facultade.

Artigo 36:

1.-O Decano é o órgano unipersoal de dirección executiva e de xestión do Centro. Representa á Facultade, preside os seus órganos colexiados e executa os acordos destes.

2.-O Decano ten as competencias que lle atribúen os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (art. 91) e este regulamento.

3.-Será elixido por a Xunta de Facultade en pleno entre os catedráticos ou profesores titulares que prestan servizo na Facultade. O candidato electo será nomeado por o rector.

Artigo 37:

Os membros da equipa Decanal serán nomeados e destituídos nas súas funcións de acordo co establecido nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (art. 93) e neste Regulamento.

Artigo 38:

1.-Vacante o cargo de Decano, convocaranse eleccións ó mesmo de acordo co que se estableza nun regulamento que a Xunta de Facultade elaborará a tal fin.

2.-Na sesión extraordinaria do Pleno da Xunta de Facultade para proceder á elección, cada candidato deberá presentar unha equipa decanal e un programa de xestión da Facultade, que, no seu caso, será debatido por o Pleno.

3.-A votación será nominal e secreta, resultando elixido o candidato que obtenía os votos da maioría absoluta dos membros da Xunta. De non haber ningún candidato que acade esta maioría procederase na mesma sesión a unha segunda votación na que resultará elixido o candidato que obteña o maior número de votos. De producirse empate, resolverase a favor do candidato que leva máis tempo presentando servizos nesta Universidade.

Artigo 39:

A moción de censura ó Decano deberá ir asinada por un 30% dos membros da Xunta de Facultade, ou a maioría de representantes dun sector. Terá que incluír un candidato alternativo e será debatida nunha sesión extraordinaria do Pleno. Se a moción de censura obtivera o voto favorabel da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade, será proclamado Decano electo o que figuraba proposto na moción de censura. O antigo Decano actuará a partir deste momento como Decano en funcións e procederá a elevar de contado a proposta de nomeamento do novo Decano ó Rector da Universidade de Santiago de Compostela.

PROPOSTA DE REGULAMENTO PARA A ASEMBLEA DE FÍSICA

Se a moción de censura non acadara os votos necesarios, considerarase rexeitada e os asinantes da mesma non poderán presentar outra durante o mesmo curso académico.

TITULO SEGUNDO: "DA REFORMA DO REGULAMENTO"

Artigo 40:

A iniciativa para a reforma do Regulamento deberá ser asinada por o 30% dos membros da Xunta de Facultade, ou por a maioría dun sector. Deberá conter o texto articulado que se propón introducir e a motivación na que se fundamenta.

Artigo 41:

A proposta será sometida a unha votación de toma en consideración por a Xunta de Facultade, que decidirá por maioría absoluta dos seus membros.

Artigo 42:

De tomarse en consideración a proposta abrirase un prazo de 15 días hábiles para a presentación de emendas, que serán discutidas e votadas na Xunta de Facultade, facéndose ó remate unha votación conxunta da proposta definitiva que precisará, para ser aprobada, a maioría absoluta dos seus membros.

Artigo 43:

Se a proposta é rexeitada non poderá presentarse outra sobre o mesmo tema no mesmo curso académico.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional primeira:

Nos presupostos da Facultade de Física haberá unha partida para actividades dos estudantes.

Disposición adicional segunda:

A Xunta de Facultade ou calquer das súas comisións poderán invitar persoas alleas ás mesmas para que informen e dean a súa opinión sobre asuntos concretos. Actuarán con voz pero sen voto.

Disposición adicional terceira:

Todo membro da Facultade poderá solicitar a revisión de calquer acordo ou resolución tomada por os diferentes órganos de goberno desta Facultade (Decano, Comisións, etc.) diante da Mesa da Xunta de Facultade que a someterá ao Pleno da Xunta de Facultade antes do seu recurso ao órgano competente.

ESTE DOCUMENTO NON É OFICIAL

PROPOSTA DE REGULAMENTO PARA A ASEMBLEA DE FÍSICA

Disposición adicional cuarta:

Todos os membros da Facultade terán acceso á información dos asuntos que afecten a mesma, a cal estará accesibel nun local sinalado por o decanato. A información máis relevante será enviada aos membros da Xunta de Facultade.

Disposición adicional quinta:

Garantirase a todas as persoas da Facultade o exercicio das súas funcións de representación nos órganos de xestión de ámbito facultativo ou universitario, compatibilizándose coas súas obrigas laborais ou académicas. Durante a celebración das Xuntas de Facultade, suspenderase toda docencia teórica, dacordo co Estatuto do Estudantado (art. 9.e)

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente Regulamento entrará en vigor ás corenta e oito horas da súa ratificación por o Pleno da Xunta de Facultade, dándosele durante este prazo de tempo a debida publicidade.